

# N

**TURGALICIA**  
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 143 5-11 FEBREIRO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

**902 200 432**

ou no fax:

**981 542 659**



[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: [imaxenova@imaxenova.com](mailto:imaxenova@imaxenova.com)

# GALIZA RECIBE MÁIS DE 100.000 VISITAS EN FITUR

O “stand” de **TURGALICIA** acolleu 24 presentacións de produtos e destinos turísticos galegos e 13 organismos coexpositores

O stand institucional de Galiza, instalado pola Consellería de Innovación e Industria a través de **TURGALICIA** para promocionar de xeito global a oferta turística galega na Feira Internacional do Turismo de Madrid, FITUR 2008, foi visitado por máis de 100.000 persoas, entre operadores turísticos, profesionais do sector e público xeral, entre os días 31 de xaneiro e 3 de febreiro. Neste recinto, que ocupaba unha superficie de 1.600 metros cadrados –400 metros cadrados máis que na edición anterior–, desenvóléronse durante as xornadas de feira un total de 24 presentacións de produtos e destinos turísticos galegos, organizadas por **TURGALICIA** ou polos 13 organismos coexpositores distribuídos no espazo galego, ás que asistiron máis de 2.000 persoas, entre operadores turísticos e medios de comunicación.

Xunto a **TURGALICIA** estiveron no stand institucional galego como coexpositores os organismos Mariña Lguesa, Plan de Dinamización de Produto Turístico Ferrol-Ortegal, A Costa da Morte, Mancomunidade Arousa Norte, Mancomunidade do Salnés, Padroado Provincial de Turismo de Ourense, Turismo de Vigo, Concello de Ourense, Concello de Pontevedra, Concello de Lugo, Concello de Ferrol, Concello de Santiago e Concello da Coruña.

No stand galego desenvóléronse tamén máis de 1.500 citas profesionais, no contorno reservado aos profesionais do Turismo de Galiza, onde puideron contactar con empresas turísticas e profesionais de todo o mundo.

O stand foi visitado polo vicepresidente e o presidente da Xunta, os días 31 de xaneiro e 1 de febreiro, respectivamente, así como polos alcaldes das principais cidades galegas.

Un ano máis, e baixo o



**Detalle do expositor galego en FITUR 2008, decorado con imaxes fantásticas evocadoras de Galiza.**

lema Turismo Atlántico, que indica unha característica propia, que distingue e identifica Galiza no contorno turístico do Estado español, **TURGALICIA** presentou un stand de deseño, actual

### Forte demanda de material promocional

A demanda de material promocional no stand galego foi tan excepcional que ao longo dos días de feira se esgotaron todos os folletos, elementos de *merchandising* e soportes dixitais de información que se levaron a FITUR 2008, un conxunto equivalente ao contido dun camión trailer completo. O equipo de informadores turísticos de **TURGALICIA**, 25 persoas distribuídas por todo o expositor, repartiu máis de 400.000 unidades de material de promoción, pertencentes a 60 clases distintas relativas aos produtos e destinos turísticos de Galiza.

e coherente co destino turístico, que serviu de soporte para grandes imaxes fotográficas alusivas a Galiza e as apostas de **TURGALICIA** para este ano: Rías de Galiza, O interior, Camiño de Santiago, Durmir en Galiza, Cociña atlántica, Cidades de Galiza, Centros históricos, Galiza termal e Galiza náutica.

Foron imaxes que desprendían agarimo, evocando situacións fantásticas nas que salientaban os valores que convirten Galiza nun destino único: o destino atlántico.

### Promoción do CSHG en FITUR

O stand galego en FITUR reservou un espazo de 200 metros cadrados para a degustación de produtos gastronómicos de calidade, achegados polas distintas asociacións e entidades de produtores e comercializadores, atendido por 20 alumnos e profesores do Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), entidade dependente de **TURGALICIA**.

O CSHG tamén contou cun espazo propio dentro do stand para a difusión dos seus plans de formación e actividades de asesoramento que presta no eido profesional da hostelería.